



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 29 DE DECEMBRO DO 2025.

Sesión 18/2025-P

<u>SRES/RAS ASISTENTES</u> <u>PRESIDENTE</u> D. Óscar Benito Portela Fernández (SM) <u>CONCELLEIROS</u> Grupo Sadamaioría (SM) D^a Rebeca Mouriño Neira D. Marcos Villar López D^a María Pilar Taibo Fernández D. Xosé Fernando Fariña Andrade D^a Patricia Martínez Abruñedo D. Ricardo Berrocal Fariña Grupo Unidos por Sada (UPSA) D^a María Nogareda Marzoa D^a María Soraya Salorio Porral D. Sergio García López D. Breogán Blanco González Grupo Partido Popular de Sada (PP) D^a Esperanza María Arias Ferreiro D^a María Isabel Val Armesto Grupo Mixto (GM) D^a Almudena Pena Álvarez («PSOE», independente) D. Emilio Graña Mosquera («BNG») Non adscrito (NA) D. Fernando España López (Chano) <u>NON ASISTE</u> D. Aurelio Lonja Tajés (Lito) (con escusa) <u>INTERVENTOR</u> D. Jaime Presas Beneyto <u>SECRETARIA</u> D^a María del Carmen Seoane Bouzas	No Salón dos Plenos da Casa do Concello, sendo as 20.00 horas do día luns 29 de decembro do 2025, baixo a presidencia do sr. alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, asistido pola secretaria da Corporación D^a María del Carmen Seoane Bouzas, quen dá fe do acto, reúnen os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria do Pleno prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte
---	--

ORDE DO DÍA:

Abre a sesión o Presidente, dando a benvinda a todos e a todas a este Pleno ordinario do mes de decembro do 2025 do Concello de Sada, trasladado ao segundo día hábil posterior ao cadrar o día 25 co Nadal.

1º.- APROBACIÓN DAS ACTAS (sesión núm. 17/2025).



Pola Presidencia preguntáse aos membros da Corporación se teñen que formular algunha observación á acta da sesión núm. 17/2025, extraordinaria e urxente do 03 de decembro, posta a disposición dos membros da Corporación.

Non habendo intervencións, queda aprobada a dita acta, ordenando a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

2º.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE RECADACIÓN DE TAXAS (ENTRADA VEHÍCULOS, CEMITERIO E MESAS E CADEIRAS).

A secretaria dá lectura o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral da súa sesión ordinaria do 18 de decembro do 2025, que recolle:

«PRIMEIRO.- Delevar na Deputación provincial Da Coruña as facultades de recadación dos seguintes tributos locais:

- Taxa por entradas de vehículos a través das beirarrúas e reserva da vía pública para aparcadoiro exclusivo
- Taxa por conservación e vixilancia do cemiterio municipal
- Taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras

As facultades de recadación en período voluntario e executivo das débedas por recibo dos tributos que se indican, abarcarán cantas actuacións comprendan de acordo a lexislación aplicable

SEGUNDO.- Polo exercicio das funcións delegadas, previstas no presente acordo, a Deputación Provincial da Coruña percibirá a contraprestación económica aprobada na súa ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos tributarios».

Interveníen o sr. España López (NA), quen propón deixar o asunto sobre a mesa; o sr. Graña Mosquera (GM-BNG); a sra. Pena Álvarez (GM-PSOE), quen tamén propón que quede sobre a mesa o asunto; a sra. Arias Ferreiro (PP), quen tamén fala de deixar o asunto sobre a mesa; a sra. Nogareda Marzoa (APSU), quen tamén apoia o deixar o asunto sobre a mesa:

«SRA. NOGAREDA: Boa noite a todos e a todas. Pois pouco máis queda por dicir. En relación ao que se comentaba agora do informe xurídico, de que non se están incumprindo nin cometendo ningunhas irregularidades porque outros concellos o fan, creo que ninguén o dubida nin consta no informe xurídico tal manifestación; o que consta é que aquí non se fixo o estudo completo e os datos non concordan, basicamente porque despois o que nos atopamos é xente que non ten claras cales son as súas funcións e calquera parecido coa realidade é pura coincidencia, porque temos un posto da RPT que indica unhas funcións e despois resulta que a xente está facendo outras distintas. Pois isto simplemente que conste. E evidentemente nós tamén nos sumamos pois a deixalo enriba da mesa e que se complete o expediente».

A sra. Taibo Fernández (SM) di que é evidente que a Deputación abarca ámbitos xeográficos nos que Sada non ten competencia.

A sra. Pena Álvarez (GM-PSOE) pregunta que a recadación a fan no concello de Sada.

A sra. Taibo Fernández (SM) di que cargan os datos e elaboran os padróns e se lle pasa á Deputación e na «recadación executiva, aí é onde perdemos forza, non temos as ferramentas para acadar un maior éxito nese ámbito».

A continuación procédese a votar a proposta de deixar o asunto sobre a mesa, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 (4 UPSA, 2 PP, 1 GM-PSOE e 1 NA).
- Votos en contra: 8 (7 SM e 1 GM-BNG).
- Abstencións: Non se producen.

O resultado da votación é un empate, polo que se volve votar, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 (4 UPSA, 2 PP, 1 GM-PSOE e 1 NA).
- Votos en contra: 8 (7 SM e 1 GM-BNG).
- Abstencións: Non se producen.

Producíndose un novo empate na votación, resulta rexeitada a proposta de deixar o asunto sobre a mesa polo voto de calidade do presidente.



A continuación procédese a votar o asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 (7 SM e 1 GM-BNG).
- Votos en contra: 8 (4 UPSA, 2 PP, 1 GM-PSOE e 1 NA).
- Abstencións: Non se producen.

O resultado da votación é un empate; á vista de que non se obtivo a maioría absoluta necesaria o presidente decide retirar o asunto da orde do día, polo que non se repite a votación.

3º.- POS+2026 ADICIONAL 1/2026 GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS.

A secretaria dá lectura o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral da súa sesión ordinaria do 18 de decembro do 2025, que recolle:

«1. Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 1/2026” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, aceptar a totalidade das súas Bases , e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais, segundo se indica a continuación:

**Achega provincial preasignada do
POS+ADICIONAL 1/2026
Dato notificado que figura no seu
expediente**

99.291,11 €

(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2025	PREVISIÓN DE GASTOS 2025	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE SOLICITADO POS+ADICION AL 2025	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
Gastos correntes	99291,11	0	99.291,11 €	99.291,11 €	0,00 €
Investimentos: Tipoloxía i			0,00 €		0,00 €
Investimentos: Tipoloxía j			0,00 €		0,00 €
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2025	99291,11	0	99.291,11 €	99.291,11 €	0,00 €

IMPORTE SOLICITADOS

I. Importe solicitado para gastos correntes	99.291,11 €
II. Importe solicitado para investimentos: Tipoloxía i	0,00 €
III. Importe solicitado para investimentos : Tipoloxía j	0,00 €
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2025 (I + II + III)	99.291,11 €

2. Comprometerse a a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fagan das actividades ou investimentos subvencionados, así como, no seu caso, na súa páxina web e/ou redes sociais.

3. Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente».

Intervenien a sra. Martínez Abruñedo (SM), concelleira delegada dos servizos de Benestar Social e Igualdade e Emprego, facendo unha exposición e xustificación da proposta; o sr. España López (NA); o sr. Graña Mosquera (GM-BNG); a sra. Pena Álvarez (GM-PSOE); a sra. Arias Ferreiro (PP) e a sra. Nogareda Marzoa (APSU).



A continuación procédese a votar o asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 16 (7 SM, 4 UPSA, 2 PP, 2 GM e 1 NA).
- Votos en contra: Non se emiten.
- Abstencións: Non se producen.

Resultando aprobado por unanimidade dos asistentes o seguinte **ACORDO**:

1. Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 1/2026” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, aceptar a totalidade das súas Bases , e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais, segundo se indica a continuación:

**Achega provincial preasignada do
POS+ADICIONAL 1/2026**
**Dato notificado que figura no seu
expediente** 99.291,11 €

(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2025	PREVISIÓN DE GASTOS 2025	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE SOLICITADO POS+ADICIO NAL 2025	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
Gastos correntes	99291,11	0	99.291,11 €	99.291,11 €	0,00 €
Investimentos: Tipoloxía i			0,00 €		0,00 €
Investimentos: Tipoloxía j			0,00 €		0,00 €
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2025	99291,11	0	99.291,11 €	99.291,11 €	0,00 €

IMPORTES SOLICITADOS

I. Importe solicitado para gastos correntes	99.291,11 €
II. Importe solicitado para investimentos: Tipoloxía i	0,00 €
III. Importe solicitado para investimentos : Tipoloxía j	0,00 €
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2025 (I + II + III)	99.291,11 €

2. Comprometerse a a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fagan das actividades ou investimentos subvencionados, así como, no seu caso, na súa páxina web e/ou redes sociais.

3. Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

4º.- CESIÓN DE TERREOS AO CONCELLO DE SADA.

A secretaria dá lectura o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral da súa sesión ordinaria do 18 de decembro do 2025, que recolle:



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2025/G010/000019

«**Primeiro.**- Incluir no Inventario Municipal de Bens as cesións de terreos que se relacionan, no EPÍGRAFE 1º INMOBLES: Vías Públicas (VPU), conforme cos planos e cesións realizadas que figuran no expediente, previa apertura dun prazo de quince días para que se poidan formular alegacións por posibles interesados, publicándose o anuncio no BOP e no Taboleiro de anuncios. De presentarse alegacións deberán ser resoltas estas polo Pleno, con carácter previo a inclusión no Inventario Municipal de Bens.

Parcela	Situación	Superficie
Lugar O Moucho	Samoedo, Sada	76 m ²
Carballal de Arriba - A Pedreira	Carnoedo	21,32 m ²
Galiñeiras	O Castro, Osedo	71 m ²
Mandín, 31	Soñeiro	226,71 m ²
Casildos - Milleira	Riovaio, Sada	68 m ²
A Lamela - Agra da Lamela	Carnoedo	25 m ²
Chousas do Casal - Monte de Arriba	Avda Sada y Contornos, Sada	133 m ²
Moucho	Samoedo, Sada	253,08 m ²
Espiñeiro	Carnoedo	275,65 m ²
Corredoira e Ameixeira	Samoedo, Sada	193,52 m ²
Teixoeiras - O Castro	Osedo	9,23 m ²
Viñas da Agra	Carnoedo	37,15 m ²
Muíño do Vento, 71	Meirás	6,66 m ²
San Xulián	Osedo	119,35 m ²
Lamela - Lácere	Mondego	46,50 m ²
Leira Nova y Campón - Lugar Igrexa	Meirás	150,21 m ²
Pazos	Sada	195,58 m ²
Revolta de Arriba - Souto	Carnoedo	9,25 m ²
Pazos	Sada	54,29 m ²
Carta, 10	Mondego	43,47 m ²
Campo de Sar, parcela 3	Soñeiro	20,50 m ²
La Coruñesa - Castro	Osedo	19,22 m ²
Chousa do Castro - Souto	Carnoedo	72,19 m ²
O Castro	Osedo	115,20 m ²
Lagarta - Piñeiro	Meirás	204 m ²
Entre Caminos - Castelo	Osedo	542 m ²
Quintán, 5	Veigue	278,08 m ²
Los Carreiros e Prado dos Moitos	Agra de Samoedo, Sada	323,20 m ²
Ameixeiral	Mondego	373,64 m ²
Revolta de Arriba - Souto, 20	Carnoedo	432 m ²
Mandín	Soñeiro	152,74 m ²
Castiñeiras	Osedo	20,10 m ²
Campo das Mantas, 38	Carnoedo	93,46 m ²
Pedreira, 21	Carnoedo	57,08 m ²
Punxeira e Freguiño Piñeiro	Meirás	286 m ²
Ameixeiral, 61 - 62	Mondego	28,26 m ²
Viña do Outeiro, 20B - Mosteirón	Mosteirón	63,31 m ²
Quintán	Veigue	156 m ²
Pumar - A Fraga	Veigue	297 m ²
Granxa - Cortiña	Mondego	77,25 m ²
Regada - Soutilo	Veigue	40,72 m ²
Beloi, 11	Riovaio, Sada	53,24 m ²
Pereiros de Abaixo - Taibó	Carnoedo	36,90 m ²
Espiñeiro	Carnoedo	126,60 m ²
Patelo de Arriba	Osedo	126 m ²
A Válexa	Veigue	59,60 m ²
Castañeira Agra da Castañeira, Arrequente e das Castañeiras	Sada	189,19 m ²
A Granxa	Mondego	38,55 m ²
Fraga del Rey o Rueiro da Fraga	Osedo	0,49 m ²
Lázare o Tarreo	Carnoedo	144,14 m ²
Souto, 47	Carnoedo	69,31 m ²
Leiriñas - A Fraga	Veigue	43 m ²
Canle	Osedo	59 m ²
Chousa - Muíño do Vento	Meirás	92,25 m ²



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2025/G010/000019

Lugar de O Carballal	Osedo	76,95 m ²
Toxeira do Campón - Trasín	Mondego	294,03 m ²
Castiñeiras	Osedo	46,15 m ²
Lendoira da Cantera e Cantera - Soutilo	Veigue	18,16 m ²
Pedras, Leira da Rata ou Canteira - Chan de Aldea,	Veigue	29,20 m ²
Fontegrande, 18	Carnoedo	30,14 m ²
Milleira de Abajo - Trasín	Mondego	68,39 m ²
Campo de Sar	Soñeiro	13,72 m ²
Orxeira e Senra	Meirás	1.584,21 m ²
Costa do Castro	Osedo	139 m ²
Samoedo	Samoedo, Sada	120,52 m ²
Fonte dos Mouros	Mondego	138 m ²
Viña do Outeiro	Mosteirón	97 m ²
Teixoeira	Osedo	63,89 m ²
Matanzas - Piñeiro	Meirás	73 m ²
Pazos	Sada	85,40 m ²
Viña Grande - Carta	Mondego	78,17 m ²
Piñeiro, 16	Meirás	63 m ²
Revolta de Velay	Carnoedo	234 m ²
Seixeda, 44	Osedo	35,15 m ²
Grañeira	Carnoedo	75,70 m ²
O Caño - A Pereira	Carnoedo	80,08 m ²
Prado do Barro ou Campo - Burreiro	Sada	182,50 m ²
Avenida da Coruña, 2	Sada	92,53 m ²
Mandín, 127	Soñeiro	164 m ²
Quintán, 5	Veigue	111,29 m ²
Fieital e Souto - Naranxeira	Carnoedo	34,43 m ²
Labradío e monte Castelo	Meirás	44,45 m ²
Monte Perede ou Peredo, 14 - Pé do Muíño	Meirás	16 m ²
Riso	Carnoedo	67,59 m ²
Horta de Fóra ou de Arriba	Meirás	200,91 m ²
Lameira	Samoedo, Sada	83 m ²
O Castro	Osedo	130,30 m ²
Horta de Fóra - de Arriba	Meirás	88,91 m ²
De la Capilla	Sada	128 m ²
Fortiñón	Mondego	73 m ²
Cobas - Taibó	Carnoedo	33,20 m ²
Pomar - Fontegrande	Carnoedo	120,14 m ²
Campo de Sar	Soñeiro	12,95 m ²
Cartas - Agra das Arcas - O Castro	Osedo	119,93 m ²
Sitio de Pozo, Fonte Corneira e da Corneira	Osedo	38,61 m ²
Pazo de Trasín	Mondego	182,13 m ²
O Castro	Osedo	150 m ²
Coutada - Souto	Carnoedo	597 m ²
Ameixeiral, 52	Mondego	47,06 m ²
Regueira - Vilar	Meirás	73 m ²
Samoedo, 45	Sada	112 m ²
Avenida Isaac Díaz Pardo, 56 - Cortiña	Sada	66,57 m ²
Cameiro - Ameixeiral	Mondego	246,66 m ²
Espiñeiro	Carnoedo	38,08 m ²
O Vilar	Meirás	163,20 m ²
Del Carballo o Porciñal	Carnoedo	23 m ²
Sada	Sada	348,86 m ²
Seixeda	Osedo	57 m ²
Da Gándara - Castelo	Osedo	93,69 m ²
Piñeiro ou Del Canle - Quintán, 28	Veigue	51 m ²
Mandín	Soñeiro	69,18 m ²
Patelos ou Eira do Lugar	Soñeiro	48,92 m ²
Cortiña - Taibó	Carnoedo	51,25 m ²



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2025/G010/000019

Naveiras	Sada	121,85 m ²
Agra Grande- Cruz Vella	Soñeiro	74,34 m ²
Souto	Carnoedo	6 m ²
Tarreo de Arriba	Osedo	11,48 m ²
Carta, 10	Mondego	67 m ²
Valeja – A Valexa	Veigue	47,34 m ²
Agra de la Cruz	Sada	114,90 m ²

Segundo.- Realizar os trámites oportunos para inscribir os inmobles referidos no Rexistro da Propiedade.

Terceiro.- Dar traslado á Oficina técnica e á Intervención para os efectos oportunos.

Non obstante, o Pleno do Concello acordará o que estime máis conveniente».

Intervenñen o sr. España López (NA); o sr. Graña Mosquera (GM-BNG); a sra. Pena Álvarez (GM-PSOE); a sra. Arias Ferreiro (PP) e a sra. Nogareda Marzoa (APSU).

A continuación procédese a votar o asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 16 (7 SM, 4 UPSA, 2 PP, 2 GM e 1 NA).
- Votos en contra: Non se emiten.
- Abstencións: Non se producen.

Resultando aprobado por unanimidade dos asistentes o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Incluír no Inventario Municipal de Bens as cesións de terreos que se relacionan, no EPÍGRAFE 1º INMOBLES: Vías Públicas (VPU), conforme cos planos e cesións realizadas que figuran no expediente, previa apertura dun prazo de quince días para que se poidan formular alegacións por posibles interesados, publicándose o anuncio no BOP e no Taboleiro de anuncios. De presentarse alegacións deberán ser resoltas estas polo Pleno, con carácter previo a inclusión no Inventario Municipal de Bens.

Parcela	Situación	Superficie
Lugar O Moucho	Samoedo, Sada	76 m ²
Carballal de Arriba - A Pedreira	Carnoedo	21,32 m ²
Galiñeiras	O Castro, Osedo	71 m ²
Mandín, 31	Soñeiro	226,71 m ²
Casildos - Milleira	Riovaio, Sada	68 m ²
A Lamela - Agra da Lamela	Carnoedo	25 m ²
Chousas do Casal - Monte de Arriba	Avda Sada y Contornos, Sada	133 m ²
Moucho	Samoedo, Sada	253,08 m ²
Espiñeiro	Carnoedo	275,65 m ²
Corredoira e Ameixeira	Samoedo, Sada	193,52 m ²
Teixoeiras - O Castro	Osedo	9,23 m ²
Viñas da Agra	Carnoedo	37,15 m ²
Muíño do Vento, 71	Meirás	6,66 m ²
San Xulián	Osedo	119,35 m ²
Lamela - Lácere	Mondego	46,50 m ²
Leira Nova y Campón - Lugar Igrexa	Meirás	150,21 m ²
Pazos	Sada	195,58 m ²
Revolta de Arriba - Souto	Carnoedo	9,25 m ²
Pazos	Sada	54,29 m ²
Carta, 10	Mondego	43,47 m ²
Campo de Sar, parcela 3	Soñeiro	20,50 m ²
La Coruñesa - Castro	Osedo	19,22 m ²
Chousa do Castro - Souto	Carnoedo	72,19 m ²
O Castro	Osedo	115,20 m ²



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2025/G010/000019

Lagarta - Piñeiro	Meirás	204 m ²
Entre Caminos - Castelo	Osedo	542 m ²
Quintán, 5	Veigue	278,08 m ²
Los Carreiros e Prado dos Moitos	Agra de Samoedo, Sada	323,20 m ²
Ameixeiral	Mondego	373,64 m ²
Revolta de Arriba - Souto, 20	Carnoedo	432 m ²
Mandín	Soñeiro	152,74 m ²
Castiñeiras	Osedo	20,10 m ²
Campo das Mantas, 38	Carnoedo	93,46 m ²
Pedreira, 21	Carnoedo	57,08 m ²
Punxeira e Freguiño Piñeiro	Meirás	286 m ²
Ameixeiral, 61 - 62	Mondego	28,26 m ²
Viña do Outeiro, 20B - Mosteirón	Mosteirón	63,31 m ²
Quintán	Veigue	156 m ²
Pumar - A Fraga	Veigue	297 m ²
Granxa - Cortiña	Mondego	77,25 m ²
Regada - Soutilo	Veigue	40,72 m ²
Beloi, 11	Riovaio, Sada	53,24 m ²
Pereiros de Abaixo - Taibó	Carnoedo	36,90 m ²
Espiñeiro	Carnoedo	126,60 m ²
Patelo de Arriba	Osedo	126 m ²
A Valexa	Veigue	59,60 m ²
Castañeira Agra da Castañeira, Arrequeute e das Castañeiras	Sada	189,19 m ²
A Granxa	Mondego	38,55 m ²
Fraga del Rey o Rueiro da Fraga	Osedo	0,49 m ²
Lázare o Tarreo	Carnoedo	144,14 m ²
Souto, 47	Carnoedo	69,31 m ²
Leiriñas - A Fraga	Veigue	43 m ²
Canle	Osedo	59 m ²
Chousa - Muíño do Vento	Meirás	92,25 m ²
Lugar de O Carballal	Osedo	76,95 m ²
Toxeira do Campón - Trasín	Mondego	294,03 m ²
Castiñeiras	Osedo	46,15 m ²
Lendoira da Cantera e Cantera - Soutilo	Veigue	18,16 m ²
Pedras, Leira da Rata ou Canteira - Chan de Aldea,	Veigue	29,20 m ²
Fontegrande, 18	Carnoedo	30,14 m ²
Milleira de Abajo - Trasín	Mondego	68,39 m ²
Campo de Sar	Soñeiro	13,72 m ²
Orxeira e Senra	Meirás	1.584,21 m ²
Costa do Castro	Osedo	139 m ²
Samoedo	Samoedo, Sada	120,52 m ²
Fonte dos Mouros	Mondego	138 m ²
Viña do Outeiro	Mosteirón	97 m ²
Teixoeira	Osedo	63,89 m ²
Matanzas - Piñeiro	Meirás	73 m ²
Pazos	Sada	85,40 m ²
Viña Grande - Carta	Mondego	78,17 m ²



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2025/G010/000019

Piñeiro, 16	Meirás	63 m ²
Revolta de Veloy	Carnoedo	234 m ²
Seixeda, 44	Osedo	35,15 m ²
Grañeira	Carnoedo	75,70 m ²
O Caño - A Pereira	Carnoedo	80,08 m ²
Prado do Barro ou Campo - Burreiro	Sada	182,50 m ²
Avenida da Coruña, 2	Sada	92,53 m ²
Mandín, 127	Soñeiro	164 m ²
Quintán, 5	Veigue	111,29 m ²
Fieital e Souto - Naranxeira	Carnoedo	34,43 m ²
Labradío e monte Castelo	Meirás	44,45 m ²
Monte Perede ou Peredo, 14 - Pé do Muíño	Meirás	16 m ²
Riso	Carnoedo	67,59 m ²
Horta de Fóra ou de Arriba	Meirás	200,91 m ²
Lameira	Samoedo, Sada	83 m ²
O Castro	Osedo	130,30 m ²
Horta de Fóra - de Arriba	Meirás	88,91 m ²
De la Capilla	Sada	128 m ²
Fortiñón	Mondego	73 m ²
Cobas - Taibó	Carnoedo	33,20 m ²
Pomar - Fontegrande	Carnoedo	120,14 m ²
Campo de Sar	Soñeiro	12,95 m ²
Cartas - Agra das Arcas - O Castro	Osedo	119,93 m ²
Sitio de Pozo, Fonte Corneira e da Corneira	Osedo	38,61 m ²
Pazo de Trasín	Mondego	182,13 m ²
O Castro	Osedo	150 m ²
Coutada - Souto	Carnoedo	597 m ²
Ameixeiral, 52	Mondego	47,06 m ²
Regueira - Vilar	Meirás	73 m ²
Samoedo, 45	Sada	112 m ²
Avenida Isaac Díaz Pardo, 56 - Cortiña	Sada	66,57 m ²
Cameiro - Ameixeiral	Mondego	246,66 m ²
Espiñeiro	Carnoedo	38,08 m ²
O Vilar	Meirás	163,20 m ²
Del Carballo o Porciñal	Carnoedo	23 m ²
Sada	Sada	348,86 m ²
Seixeda	Osedo	57 m ²
Da Gándara - Castelo	Osedo	93,69 m ²
Piñeiro ou Del Canle - Quintán, 28	Veigue	51 m ²
Mandín	Soñeiro	69,18 m ²
Patelos ou Eira do Lugar	Soñeiro	48,92 m ²
Cortiña - Taibó	Carnoedo	51,25 m ²
Naveiras	Sada	121,85 m ²
Agra Grande- Cruz Vella	Soñeiro	74,34 m ²
Souto	Carnoedo	6 m ²
Tarreo de Arriba	Osedo	11,48 m ²
Carta, 10	Mondego	67 m ²
Valeja – A Valexa	Veigue	47,34 m ²



Agra de la Cruz	Sada	114,90 m ²
-----------------	------	-----------------------

Segundo.- Realizar os trámites oportunos para inscribir os inmobles referidos no Rexistro da Propiedade.

Terceiro.- Dar traslado á Oficina técnica e á Intervención para os efectos oportunos.

5º.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.

A. Decretos e resolucións da Alcaldía ditados dende o 24 de novembro ata o 22 de decembro do 2025 (núms. 2170-2306).

Para os efectos previstos no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións e dos Decretos ditados pola Alcaldía dende o día 24 de novembro (núm. 2170, do expediente 2025/G003/002241) ata o 24 de decembro do 2025 (núm. 2306, do expediente 2025/G003/002379).

B. Mocións.

O presidente indica que se presentou unha moción polo BNG pero pregúntalle á secretaria se está dentro do prazo previsto; a secretaria contesta que nin do prazo nin do contido.

O presidente explica que non se pode debater a moción porque o último día hábil de prazo para presentala foi o venres antes do pleno, ás 14.00 horas.

C. Rogos e preguntas.

O sr. España López (NA), formula as preguntas seguintes:

1ª) Logo de efectuar unha valoración sobre algunhas dedicacións exclusivas, pregunta ao sr. Fariña Andrade polos restos de Párroco Villanueva que di que hai na contorna protexida do ENIL das Brañas.

2ª) Pregúntalles aos voceiros dos grupos da oposición, logo de dicir que estamos ante unha situación crítica de persoal e económica, en definitiva pola oportunidade de que en 2026 o alcalde presentase unha cuestión de confianza e *Sadaminoría* (sic) deixase de gobernar.

O sr. Fariña Andrade, concelleiro delegado da área de Obras e Servizos e Medio Ambiente, contesta á 1ª pregunta:

«SR. FARIÑA: Con respecto ao que vostede está dicindo do ENIL, o que acaba de ler eu xa o tiña lido. Eu o outro día dixen aquí que, eu non dixen que aquí a min non me daba ningún clases de nada do ENIL, non é certo. Vostede non, iso teño claro, vostede non, outra xente seguro que si, pero vostede non.

E con respecto ao que me está ensinando aí ten que saber que esa parcela non está dentro do ENIL, está limitando ao ENIL pero non está dentro do ENIL; iso para empezar, para que o saiba, por se non o sabía. Esa é unha parcela municipal e de equipamento deportivo e aí é onde se depositaron restos da obra (da avenida) de Párroco Villanueva que ata ese momento se foron retirando como está certificado nas certificacións de retirada de xestión de residuos que hai e que obran no expediente.

Por outra banda, tamén hai que dicir que no propio estudo que xa se dixo aquí, si, si, Párroco Villanueva, xa se dixo aquí neste Pleno. Xa se dixo neste Pleno, co cal entendo que vostede ou non estaba moi atento ese día ou non se 'enterou' (decatou), pero 'bueno', nos pode pasar a todos, non?. Nese pleno si aparece, xa comentei, que no estudo de xestións desa obra non aparece nin un quilo de residuos potencialmente perigosos; si aparece formigón, restos de obra que foi o que se foi retirando e agora o que queda alí, que se retirará cando a obra poida ser rematada.

Non teño nada máis que dicir, simplemente iso, que ten que revisar ben o límite do ENIL porque non está dentro do ENIL; está nunha parcela limítrofe co ENIL. Nada máis».

Polo Grupo Mixto, o sr. Graña Mosquera (GM-BNG), presenta os seguintes rogos:

1º) Logo de comentar que ha reformular e presentar a moción (relativa á modificación da ordenanza reguladora da protección de camiños e vías rurais con motivo das tallas de madeira) na seguinte sesión ordinaria, roga que se lle fagan as achegas que se consideren convenientes para os efectos.



2º) Roga que se poña en marcha un plan de xestión e dinamización para o centro social da antiga Escola de Carnoedo.

3º) Roga que se poña en coñecemento da veciñanza de Mondego e dos socios e socias da Asociación de Veciños O Candil como van os avances da proposta que fixeran dende o BNG, aprobada como moción no Pleno, para mellorar as instalacións das pistas de Mondego, instalacións de baños etc.

Polo Grupo Mixto, o sr. Graña Mosquera (GM-BNG), formula as seguintes preguntas:

1ª) Pregunta polos avances ou xestións que se teñan feito ou que se pretendan facer con respecto do emblemático edificio de La Terraza.

2ª) Pregunta se hai avances con relación ao ENIL das Brañas, espazo que cualifica tamén de emblemático.

3ª) Pregunta como está a RPT (relación de postos de traballo), que considera que hai que desatascar.

A sra. Pena Álvarez (GM-PSOE), logo de pedirlle aclaración ao sr. España sobre a segunda pregunta que formulara, contéstalle que si que pensa que é oportuno que o alcalde presentase unha cuestión de confianza mais que é unha decisión súa e que non cre que o acepte.

Polo Grupo Mixto, a sra. Pena Álvarez (GM-PSOE), formula as seguintes preguntas:

4ª) Pregunta pola solución que se lle vai dar ao antigo lavadoiro de Mosteirón pola que di que cre que levan agardando máis dun ano e que despois aínda habería que realizala.

5ª) Pregunta como está o do aseo para discapacitados do Centro de Meirás, para o que se dixera hai moito tempo que había diñeiro separado para realizalo.

6ª) Pregúntalle ao alcalde que é o que vai facer, se ha tomar medidas logo de comprobar a veracidade duns feitos que lle comunicaron (ao alcalde) os empresarios do Porto Deportivo de Sada, relativos, por unha parte, á competencia desleal cun remolque que está sempre no mesmo sitio e a funcionar como taller pero sen estar de alta como actividade nin pagando o canon a Portos; e por outra, polos problemas de acceso ás naves que teñen debido a que a concesionaria da mariña seca lles taponas as portas de entrada.

Contesta ás preguntas formuladas o presidente, sr. Portela Fernández (SM):

«SR. PORTELA: Sobre o estado da Terraza evidentemente está ese informe do arquitecto, nós temos un traballo pendente que é aprobar a declaración de innecesariedade se así tamén concorda nese aspecto o informe xurídico de secretaría que é necesario para adoptar ese acordo..Por outra parte saber que está a día de hoxe en dominio público marítimo terrestre e as competencias sobre a conservación dos BICs evidentemente é Dirección Xeral, bueno de Patrimonio Cultural da Consellería de patrimonio. Nós a día de hoxe non temos ningún tipo de titularidade ao respecto, é algo que deberíamos ir resolvendo si de verdade queremos tomar medidas no asunto, non podemos intervir en zonas que non son nosas.

En canto, pois non sei se que lle podo responder á relación de postos de traballo (RPT). Concordo que é moi necesario; é máis, estamos elaborando un orzamento onde isto é unha parte fundamental. É moito máis fácil encaixar as demais cifras, pero que esta evidentemente se non temos unha proposta para poder incluíla pois dificilmente lle podemos dar solución a este problema que ben vemos que carrega erros no funcionamento».

Intervenien o sr. Fariña Andrade (SM), concelleiro delegado da área de Obras e Servizos e Medio Ambiente e o sr. Berrocal Fariña (SM), concelleiro delegado dos servizos de Promoción Económica, Turismo e Participación Cidadá.

Polo Grupo do PP, a sra. Val Armesto formula as seguintes preguntas:

1ª) Pregúntalle ao alcalde se cre que a iluminación da campaña do Nadal está á altura dun pobo como Sada e das súas parroquias, que pasa coas luces de Sada e canto lle custa todo isto ao se Concello.

2ª) Con base nas queixas suscitadas pola recente implantación dun sentido único da circulación no lugar de Riovao, pregunta cal é o criterio para decidir que unha rúa ancha pola que caben perfectamente dous vehículos sexa de sentido único mentres que a de subida cara a Sada de Arriba, máis estreita, é de dobre sentido.



3ª) Pregunta polas obras do campo de fútbol do Sporting Sada (refírese ao Sada Club de Fútbol) e dos vestiarios femininos que teoricamente hanse facer no campo de fútbol de Carnoedo, que é unha petición igual que a portería para o medio do campo.

A sra. Arias Ferreiro, voceira do grupo municipal do PP, logo de escusar a ausencia dun dos integrantes do seu grupo, o sr. Lonja Tajés, expón unha serie de preguntas que tamén se poderían facer, como a de como van os temas da ampliación de Sada y sus Contornos, da apertura do Río Maior, da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil, da praia ou da zona de baño.

A continuación, a sra. Arias roga que se reflexione sobre o contido dun texto no que relaciona unha serie de aspectos facendo un balance dun ano máis con carencias e promesas e acordos plenarios incumplidos, afirma que lles preocupa que se prometa tanto e se cumpra tan pouco e que un mal goberno que non se reforma sabido é que acaba deixando un municipio en quebra e un legado onde o único logro que se ha celebrar ha ser a súa saída do goberno.

Contestan ás preguntas o sr. Villar López (SM), concelleiro delegado da área de Cultura e Normalización Lingüística; o sr. Fariña Andrade (SM), concelleiro delegado da área de Obras e Servizos e Medio Ambiente; a sra. Mouriño Neira, concelleira delegada da área de Deporte, Educación e Xuventude; o sr. Berrocal Fariña (SM), concelleiro delegado dos servizos de Promoción Económica, Turismo e Participación Cidadá; o presidente, sr. Portela Fernández (SM), e a sra. Taibo Fernández (SM), concelleira delegada da área de Facenda, Seguridade Cidadá e Persoal.

Polo Grupo de UPSA, intervén a sra. Nogareda Marzoa; en particular:

«SRA. NOGAREDA: Engado unha pregunta ao que xa tiñamos, que non nos pasamos; pero, cal é o problema de pasarse? Aquí a oposición está facendo preguntas que lle traslada a veciñanza. Creo que xa o comentamos moitas veces, parécenos unha actitude bastante caciquil. Pero ao final, si señor Villar, vou falar de caciques, ao final vou falar de caciques propiamente, porque se nós estamos aquí é para trasladar tamén aquilo que a xente nos traslada e que non se está facendo como eles consideran, ou elas consideran, e non sabemos cal é o problema de contestar ás inxerencias da veciñanza, salvo que non se quere contestar, por outra banda.

Por outra banda, creo sra. Arias recordar que neste mesmo rogo do ano pasado creo que eu mesma lle dixera que imos estar aquí o ano que vén e imos repetir os mesmos rogos, e imos repetir o próximo ano o seguinte rogo.

En relación á manifestación que quería que propuxésemos ás voceiras, sr. España, creo que neste grupo está claro que a confianza que temos no sr. Portela é a que é, e evidentemente no seu goberno é a que é: non temos absolutamente ningunha. A moción (de censura) que presentamos no 2022 é unha razón evidente para iso. Ao mellor é que temos que empezar a pensar nos números que temos aquí, non para unha moción, nós xa fixemos un traballo importante, pero si para presionar, porque ao mellor si que temos maneira de presionar para que as cousas se fagan ben. De feito temos aquí o que dicimos. Hai un ano falabamos de 'sin, sin sin', ou falaba a sra. Arias de 'sin, sin, sin', e eu digo un ano máis 'con, con, con', con máis soldos 'exclusivitos'.

Estabamos preocupados polo ENIL. Non deixa de sorprendeme, sr. Graña, basicamente porque en canto falou o sr. España da situación que había nas Brañas non se uniu a esta reclamación e pensamos que é tan contaminante unha cousa como a outra.

Dito o cal vou intentar sintetizar o resto das cuestións porque nós tamén temos rogos e bos desexos para o vindeiro ano. Pero si que nos chama a atención que nos trasladen que vostede, sr. Portela, cousa que non nos chama a atención porque sabemos que estas cousas si que as fai vostede, que lle diga a veciños ante obras mal executadas, como por exemplo Sanjurjo Badía, que realmente vostede prefire primeiro pagalas e despois reclamarlas aínda que a obra non estea ben feita. Por favor, repase as partidas, por favor repase as partidas porque creo que ten información axeitada ao respecto, porque nesas partidas que lle envían e que lle dan traslado existen aumentos dentro do que é o proxecto que non están moi xustificadas, e gostaríanos tratar este tema máis polo miúdo, tanto o de Párroco Villanueva, como o de Sanjurjo Badía, como o de outros.

Por certo, tamén aproveito para dicirlle que as obras que están mal executadas, cando se executan estando vostede de alcalde, non dependen de que eu nomee un director ou directora de obra porque os que eu nomeei non os nomeei eu persoalmente, foron polo crédito técnico; dígoos porque tamén adoita vostede botar as culpas por outro lado.

Repase, só lle deixo unha cuestión da que se falaba e que xa lla transmitiron: tapas da rede de sumidoiros que pasan a certificación como novas, e resulta que están recicladas do Camiño de Santiago; unha cuestión menor. Hai outro tema que tamén nos chama a atención, porque recentemente houbo polas choivas situacións problemáticas nalgúns casas, digo nos chama a atención que se siga facendo, pero chámamos máis a atención por vostede, non nos sorprende que o sr. Fariña cando escoite algo ou lea algo nas redes sociais vaia entón ameazante a esa casa a dicir a ver por que o están criticando; o que nos chama a atención é que vostede non deixe de



dar golpes enriba da mesa e pida á persoa que está reclamando algo, porque ten unha deficiencia no seu fogar, que se calme esa persoa, e que se calme o concelleiro.

Non hai equidistancia, sr. Portela, maniféstese, maniféstese, dígalle á xente como se ten que comportar cando van aos sitios, porque ao final estamos aquí como servidores públicos, e unha cousa é que alguén poida estar nun momento 'soliviantado' e que nos poidamos calmar todos e outra cousa é que se lle consinta, porque vostede xa llo consentiu ao sr. Villar. Non sei se é que adoita para defender ás persoas e concretamente ás mulleres só está para sacar unha foto o día do 8M, non o sei, ou o 25 de novembro; tampouco o teño claro.

Outra cousa que nos chamou bastante máis a atención: como podemos sacar, como representantes públicos, bromas acerca da saúde mental nas nosas rede sociais? 'Chamativo'».

O presidente solíciatalle silencio ao público e cando son as 21.12 horas ordénalle abandonar o pleno a unha persoa de entre o público, segundo di por insultar.

Continúa a sra. Nogareda:

«SRA. NOGAREDA: Polo tanto desexamos, desexamos que no próximo ano o Concello descubra que pagar mal non é xestionar ben, e que reclamar despois non substitúe a facer cumprir os contratos desde o primeiro día. É máis, está tipificado no Código Penal. Oxalá o 2026 veña acompañado dunha nova habilidade municipal: revisar certificacións antes de pagalas; son cartos públicos, non persoais, trátenos con moito máis agarimo que os propios, para que os números por exemplo deixen de bailar.

Agardamos que, tamén por poñer o 'chascarrillo', as tapas da rede de sumidoiros, igual que as facturas, sexan novas cando se cobren como novas e non só novas no papel. Desexamos que a saúde mental deixe de ser material para bromas en redes sociais e pase a ser tratada coa seriedade, o respecto e a responsabilidade que merece, especialmente por quen nos representa.

Confiamos tamén que nos dean contas con transparencia e oxalá este Concello abandone definitivamente o inmovilismo cómodo, ese no que nunca pasa nada, salvo cando pasa todo tarde e mal. Desexamos que o sr. Portela empece a exercer plenamente como alcalde: menos equidistancia, menos 'corrillos' e máis decisións, especialmente cando hai que defender os intereses do Concello fronte a quen non cumpre. E agardemos tamén que o novo ano ninguén teña que soportar actitudes presuntamente intimidatorias, veñan de onde veñan, e que se poña freo a tempo sen mirar para outro lado.

E por último, desexamos que a defensa, como xa lle dixeran antes, dos dereitos das mulleres, non se limite a unha foto nunha manifestación, senón que se traduza en feitos, coherencia e responsabilidade durante todo o ano. Estamos un pouco cansos de que nos estean dando aquí leccións de ideoloxía, porque como dicía o outro día propiamente Emilio Delgado aquí hai que valorar polos feitos, non polo que dicimos que somos.

En definitiva, o que pedimos cremos que non é nada extraordinario, pedimos que se xestione con rigor, que non se pague o que está mal feito, que se revisen as contas antes de aboalas e que se defenda o interese público por enriba de calquera outro individual; que a saúde mental se trate con respecto, non con bromas; que as contas pendentes se resolvan e non se eternicen e que este Concello abandone o inmovilismo.

Dito o cal, este ano só bo desexo, pero este bo desexo non só depende do goberno; sabemos que o goberno non vai cumprir, así que a quen lle toca cumprir é á oposición. Feliz Ano! Esperemos que empece moitísimo mellor, por e para Sada».

Logo da súa intervención, a sra. Nogareda abandona a sesión, sendo as 21.15 horas.

Polo Grupo de UPSA, o sr. García López formula a seguinte pregunta:

1ª) Pregúntalle ao sr. Fariña se se dan ordes verbais ou por escrito ou se segue algún criterio con relación aos procedementos de orde de execución para ordenar limpar de maleza os predios privados.

Polo Grupo de UPSA, a sra. Salorio Porral formula as seguintes preguntas:

2ª) Insiste nunha pregunta que vén doutras sesións, relativa ao SAF, preguntando di que por vixésima primeira vez para can,do a ser a licitación do servizo de axuda a domicilio, logo de só promesas, escusas e mentiras e non de procura de solucións, nin de respostas ás preguntas formuladas xa noutros plenos para os efectos.

3ª) Pregunta cal é a intención e a postura do alcalde con relación á Asociación de Amas de Casa de Sada, recentemente constituída, e o local municipal que se lles asignou, a compartir coa delegación da da Coruña que leva anos desenvolvendo o seu labor en Sada, se vai apoiar que se produza unha lóxica integración nunha única asociación de Sada das súas compoñentes.



4ª) Pregunta onde están as doazóns de obras pictóricas, escritas e demais que se efectuaron ao Concello por distintos artistas, se hai un inventario, se están almacenados, depositados ou expostos, porque di que non as ven.

Contestan ás preguntas o sr. Fariña Andrade (SM), concelleiro delegado da área de Obras e Servizos e Medio Ambiente; o sr. Villar López (SM), concelleiro delegado da área de Cultura e Normalización Lingüística; a sra. Martínez Abruñedo (SM), concelleira delegada dos servizos de Benestar Social e Igualdade e Emprego, que di que o contrato non esta nas súas mans e non solicitaron compensación; o sr. Berrocal Fariña (SM), concelleiro delegado dos servizos de Promoción Económica, Turismo e Participación Cidadá e o presidente, sr. Portela Fernández (SM).

En particular o sr. Fariña, sobre as ordes de limpar os predios particulares:

«SR. FARIÑA: A Sergio, hei de comentar que hai dous xeitos de iniciar os expedientes: un de oficio, en casos extremadamente complicados ou graves se pode adoptar a decisión de abrir un expediente a unha parcela que estea causando un grave risco, cos correspondentes informes, e senón tamén polas súas meras solicitudes dos veciños. Se entra a solicitude, trasládase ao técnico, abre o expediente, asina o seu informe; nese informe establece se debe ser rozada a parcela ou non e aí se inicia todo o procedemento ata que...

SR. GARCÍA: Por matizar a miña pregunta, ao mellor non se entendeu moi ben, pero iso é culpa miña. A cuestión é cal é a orde a seguir para esas ordes, é dicir, por que vai unha parcela antes que outra á hora de tal, e despois se hai, entendo que nalgún caso ben sexa pola petición dun veciño ou de oficio tal, haberá unha orde neste caso do concelleiro, neste caso entendo que é vostede, ao funcionario ou funcionaria que se encarga disto, se esas ordes están por escrito. Esas son as dúas preguntas.

SR. FARIÑA: A orde normalmente vai por entrada; evidentemente casos extremos nos que si que se adopta por urxencia se adopta tal. E eu non dou ordes por escrito, son ordes verbais».

En particular o sr. Villar, sobre as doazóns efectuadas ao Concello:

«SR. VILLAR: Aproveito neste caso para contestar a referida ás doazóns que, a ver, dende esta segunda etapa que levo de concelleiro xa non se estilan, creo que anteriormente si que se facían, pero dende logo xa digo que dende o verán de 2023 xa non se fan. As doazóns que se facían con anterioridade ten un control delas a directora da Casa da Cultura e están gardadas todas en dependencias municipais precisamente nese edificio. Ela é a que ten coñecemento e ten un listado, ten un control; precisamente por unha consulta que un artista fixo hai uns meses fixemos a comprobación e realmente é así, quen leva ese control e están alí gardadas, si».

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 21.26 horas do día luns 29 de decembro do 2025, do que como secretaria dou fe e certifico, asinando dixitalmente esta acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unido o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html.